

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4551 *Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, pola que se modifican as leis orgánicas 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, 2/2006, do 3 de maio, de educación, e 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

A Lei de economía sustentable recolle unha reforma orientada a potenciar a formación profesional que, de conformidade co artigo 81 da nosa Constitución, non se pode abordar exclusivamente mediante unha lei ordinaria, senón que require a modificación de preceptos de carácter orgánico contidos na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Así ocorre con algunhas das medidas que pretenden mellorar a adaptabilidade da formación profesional, como son, por exemplo, a rebaixa das exixencias formais requiridas para a actualización do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, co obxecto de facilitar a súa rápida adaptación ás necesidades da economía, ou a posibilidade que se recoñece aos centros de formación profesional de ofertar, coa autorización da Administración correspondente, programas formativos configurados a partir de módulos incluídos nos títulos de formación profesional ou certificados de profesionalidade que teñan autorizados e que estean asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

En consecuencia, e atendendo ás directrices de técnica normativa que aconsellan incluír en textos distintos os preceptos de natureza ordinaria e os preceptos de natureza orgánica, esta lei orgánica aborda a regulación dos aspectos orgánicos en materia educativa que complementan as disposicións da Lei de economía sustentable.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.*

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, queda modificada nos termos que se establecen a continuación:

Un. Engádese un número 3 ao artigo 7 da Lei orgánica 5/2002, coa seguinte redacción:

«3. Os ministerios de Educación e de Traballo e Inmigración adecuarán, respectivamente, os módulos dos títulos de formación profesional e dos certificados de profesionalidade ás modificacións de aspectos puntuais das cualificacións e unidades de competencia recollidas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais aprobadas, estas, conxuntamente polos titulares de ambos os ministerios, logo de consulta ao Consello Xeral da Formación Profesional.»

O número 3 renumérase como número 4.

Dous. O número 1 do artigo 10 da Lei orgánica 5/2002 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A Administración xeral do Estado, de conformidade co que se establece no artigo 149.1.30.^a e 7.^a da Constitución e logo de consulta ao Consello Xeral da

Formación Profesional, determinará os títulos e os certificados de profesionalidade que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade poderán incluír formacións complementarias non asociadas ao catálogo para cumprir con outros obxectivos específicos destas ensinanzas ou as recomendacións da Unión Europea.»

Tres. Engádesse un novo número 3 ao artigo 10 da Lei orgánica 5/2002, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas e mediante real decreto, poderá crear cursos de especialización para complementar as competencias daqueles que xa dispoñan dun título de formación profesional. A superación da formación requirida para adquirir as competencias asociadas a unha especialización acreditarase mediante unha certificación académica. Cando a especialización inclúa unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, a dita certificación académica servirá para a súa acreditación.»

Catro. Engádesse un novo número 7 ao artigo 10 da Lei orgánica 5/2002, que queda redactado nos seguintes termos:

«7. As administracións educativas e laborais programarán, coa colaboración das corporacións locais e dos axentes sociais e económicos, a oferta das ensinanzas de formación profesional.

Esta programación terá en conta a realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, as propias expectativas dos cidadáns, a demanda de formación, así como as perspectivas de desenvolvemento económico e social, coa finalidade de realizar unha oferta que responda ás necesidades de cualificación das persoas.»

Cinco. Os actuais números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 10 da Lei orgánica 5/2002 renuméranse como números 4, 5, 6, 8 e 9, respectivamente.

Seis. Engádense ao artigo 12 da Lei orgánica 5/2002 dous novos números, 3 e 4, coa seguinte redacción:

«3. Os centros de formación profesional poderán ofertar, coa autorización da Administración competente, programas formativos configurados a partir de módulos incluídos nos títulos de formación profesional ou certificados de profesionalidade que teñan autorizados e que estean asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Estes programas poderán incluír tamén outra formación complementaria non referida ao catálogo.

4. A superación destes programas formativos conducirá á obtención dunha certificación expedida pola Administración competente, nas condicións que se determinen regulamentariamente. Esta certificación acreditará, ademais, as unidades de competencia asociadas aos módulos incluídos no programa formativo.»

Sete. Engádesse unha disposición adicional quinta á Lei orgánica 5/2002, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional quinta. *Rede de centros de formación profesional.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, consolidarán unha rede estable de centros de formación profesional que permita harmonizar a oferta e avanzar na súa calidade. Esta rede estará constituída:

a) Polos centros integrados públicos e privados concertados de formación profesional.

- b) Polos centros públicos e privados concertados do sistema educativo que ofertan formación profesional.
- c) Polos centros de referencia nacional.
- d) Polos centros públicos do Sistema Nacional de Emprego.
- e) Polos centros privados acreditados do Sistema Nacional de Emprego que ofertan formación profesional para o emprego.

2. As administracións educativas e laborais competentes establecerán o procedemento para que os centros autorizados para impartir formación profesional do sistema educativo, que reúnan os requisitos necesarios, poidan impartir tamén formación profesional para o emprego.

3. No marco das correspondentes previsións orzamentarias, as administracións competentes e os interlocutores sociais poderán establecer acordos para a concreción da oferta de formación profesional para o emprego nos centros indicados no número anterior.

4. O funcionamento dos centros sostidos con fondos públicos que ofrezan de forma integrada ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e para o emprego axustarase, entre outras que poidan establecer as administracións educativas, ás seguintes regras:

- a) Desfrutarán de autonomía de organización e de xestión dos recursos humanos e materiais, nos termos que regulamentariamente se establezan.

- b) Poderán acceder aos recursos orzamentarios destinados ao financiamento das accións formativas para o emprego que desenvolvan, de conformidade cos mecanismos de cooperación que concerten as administracións educativas e laborais.

- c) Deberán someter todas as accións formativas que desenvolvan a avaliacións de calidade, nos termos que regulamentariamente se establezan.

5. A regra recollida na letra c) do número anterior resultará, así mesmo, de aplicación aos centros privados concertados que ofrezan de forma integrada ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e para o emprego.»

Oito. Engádesse unha disposición adicional sexta á Lei orgánica 5/2002, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sexta. *Formación profesional a distancia.*

1. A oferta das ensinanzas de formación profesional poderase flexibilizar para permitir a posibilidade de combinar o estudo e a formación coa actividade laboral ou con outras responsabilidades, así como con aquelas situacións persoais que dificulten o estudo e a formación en réxime de ensino presencial.

Con este fin, estas ensinanzas poderanse ofertar de forma completa ou parcial e desenvolverse en réxime de ensino presencial ou a distancia, a combinación de ambas e mesmo concentrarse en determinados períodos anualmente.

As administracións competentes garantirán formación complementaria para aqueles alumnos que requiran apoio específico, con especial atención ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo derivadas da súa discapacidade.

2. O Goberno, no ámbito das súas competencias e en colaboración coas comunidades autónomas, promoverá a posta en marcha dunha plataforma a distancia en todo o Estado dependente das administracións públicas, a través da cal se poderán cursar módulos profesionais correspondentes aos distintos ciclos formativos de formación profesional de grao medio e superior, ou módulos formativos dos certificados de profesionalidade.

3. As administracións competentes reforzarán a oferta de formación profesional a distancia para permitir a formación complementaria que requiran as persoas que superen un proceso de avaliación e acreditación de competencias profesionais

adquiridas a través da experiencia laboral, coa finalidade de que poidan obter un título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade.

4. A Administración xeral do Estado impulsará a xeneralización desta oferta educativa a distancia, e dará prioridade ás ofertas relacionadas cos sectores en crecemento ou que estean xerando emprego. Para isto elaborará, en colaboración coas comunidades autónomas, os materiais necesarios para esta oferta.

5. As administracións educativas colaborarán para facilitar a interoperabilidade das súas plataformas de ensino a distancia.»

Nove. Engádesse unha disposición adicional sétima á Lei orgánica 5/2002, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sétima. *Recoñecemento das competencias profesionais.*

1. O Goberno, de común acordo coas comunidades autónomas e os interlocutores sociais, dará prioridade á avaliación e acreditación das competencias profesionais relacionadas:

Cos sectores de crecemento, que estean xerando emprego.

Coas persoas desempregadas sen cualificación profesional acreditada.

Cos sectores en que exista algunha regulación que obrigue os traballadores que queiran acceder ou manter o emprego a posuír unha acreditación formal.

2. As administracións públicas promoverán as accións educativas e/ou formativas necesarias, presenciais ou a distancia, para que as persoas que participasen no proceso de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral poidan cursar os módulos profesionais ou formativos necesarios para completar e obter, así, un título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade.

3. As administracións competentes promoverán que os centros públicos e privados concertados ofrezan programas específicos de formación dirixidos ás persoas que, unha vez acreditadas determinadas competencias profesionais, queiran completar a formación necesaria para obter un título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade que os prepare e lles facilite a súa inserción laboral.»

Dez. Modifícase a disposición derradeira segunda da Lei orgánica 5/2002, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira segunda. *Carácter de lei orgánica desta lei.*

Esta lei ten o carácter de lei orgánica, a excepción dos seguintes preceptos: os números 2 e 3 do artigo 1; o número 1 e as letras c) e d) do número 3 do artigo 2; o número 2 do artigo 4; os artigos 5, 6, 9, 13, 14, 15, 15 bis, 16 e 17; as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira e cuarta e as disposicións derradeiras primeira, terceira e cuarta».

Artigo segundo. *Modificación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, queda modificada nos termos que se establecen a seguir:

Un. Modifícase o artigo 25, que queda redactado como segue:

«Artigo 25. *Organización do cuarto curso.*

1. Todos os alumnos deberán cursar as seguintes materias:

Educación física.

Educación ético-cívica.

Ciencias sociais, xeografía e historia.
Lingua castelá e literatura e, se a houber, lingua cooficial e literatura.
Matemáticas.
Primeira lingua estranxeira.

2. Ademais das materias enumeradas no número anterior, os alumnos deberán cursar tres materias dun conxunto que establecerá o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas.

3. Este cuarto curso terá carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

Co fin de orientar a elección dos alumnos, estableceranse agrupacións das materias mencionadas no número anterior en diferentes opcións, orientadas cara ás diferentes modalidades de bacharelato e os diferentes ciclos de grao medio de formación profesional.

4. Os centros deberán ofrecer a totalidade das opcións citadas no número anterior. Só se poderá limitar a elección dos alumnos cando haxa un número insuficiente destes para algunha das materias ou opcións a partir de criterios obxectivos establecidos previamente polas administracións educativas.

5. Na materia de educación ético-cívica prestaráselle especial atención á igualdade entre homes e mulleres.

6. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias deste cuarto curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballaránse en todas as áreas.

7. O alumnado deberá poder alcanzar o nivel de adquisición das competencias básicas establecido para a educación secundaria obrigatoria por calquera das opcións que se establezan.

8. Ao finalizar calquera das opcións que se establezan obterase o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, que permitirá continuar os estudos tanto nos ciclos formativos de grao medio de formación profesional como no bacharelato, con independencia da opción cursada.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 30, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Correspóndelles ás administracións educativas organizar programas de cualificación profesional inicial destinados ao alumnado maior de 15 anos, feitos antes do 31 de decembro do ano de inicio do programa, para o que se considere que é a mellor opción para alcanzar os obxectivos da etapa. Para acceder a estes programas requirirase o acordo do alumnado e dos seus pais ou titores.»

Tres. Modifícase o número 3 e engádese un novo número 4 ao artigo 31, que quedan redactados como segue:

«3. Os alumnos que cursen a educación secundaria obrigatoria e non obteñan o título a que se refire este artigo recibirán unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias básicas.

4. As administracións educativas, ao organizaren as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, determinarán as partes da proba que teñen superadas.»

Catro. Modifícase o número 10 da disposición derradeira primeira, que engade un número 2 bis nos seguintes termos:

«2 bis. Son causas de incumprimento moi grave do concerto a reiteración ou reincidencia de incumprimentos graves.»

Cinco. O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, aprobará o calendario de aplicación das modificacións da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, introducidas nesta lei.

Artigo terceiro. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Engádese un novo número 5 ao artigo 90 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, coa seguinte redacción:

«5. Corresponde tamén aos xulgados centrais do contencioso-administrativo autorizar, mediante auto, a cesión dos datos que permitan a identificación a que se refire o artigo 8.2 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, así como a execución material das resolucións adoptadas pola Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual para que se interrompa a prestación de servizos da sociedade da información ou para que se retiren contidos que vulneran a propiedade intelectual, en aplicación da citada Lei 34/2002 e do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril.»

Artigo cuarto. *Modificación da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.*

Modifícase o número trece do artigo 22, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Trece. Reclamacións que, en concepto de indemnización por danos e perdas, se formulen á Administración xeral do Estado nos supostos establecidos polas leis.»

Disposición adicional primeira. *Colaboración entre a formación profesional superior e o ensino universitario.*

1. O Goberno, no ámbito das súas competencias, promoverá a colaboración entre o ensino de formación profesional superior e o ensino universitario, aproveitando os recursos de infraestruturas e equipamentos compartidos, creando contornos de formación superior, vinculados ás necesidades da economía local e localizados nos campus universitarios. As ofertas de cada tipo de ensino, integradas nestes contornos, terán a dependencia orgánica e funcional establecida actualmente na normativa correspondente.

2. As universidades e as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, promoverán a xeración de contornos integrados de educación superior, onde se desenvolvan novos modelos de relacións entre o tecido produtivo, a universidade, a formación profesional e os organismos agregados, co fin de crear innovación científica e empresarial.

Enténdese por contorno integrado de educación superior aquel campus universitario que incorpore no seu ámbito de influencia centros de formación profesional que impartan ciclos formativos de grao superior cuxas familias profesionais se encontren relacionadas coas especializacións do campus.

3. As administracións educativas e as universidades, dentro do ámbito das súas respectivas competencias, e de acordo co réxime establecido polo Goberno, determinarán:

a) As validacións entre os que posúan o título de técnico superior, ou equivalente para efectos académicos, e cursen ensinanzas universitarias de grao relacionadas co dito título, tendo en conta que, polo menos, se validarán 30 créditos ECTS.

b) Sempre que as ensinanzas universitarias de grao inclúan prácticas externas en empresas de similar natureza ás realizadas nos ciclos formativos, poderanse validar, ademais, os créditos asignados ao módulo profesional de formación en centros de traballo do título de técnico superior relacionado con esas ensinanzas universitarias.

c) Poderanse tamén validar outros créditos tendo en conta a adecuación entre as competencias e coñecementos asociados a materias conducentes á obtención de títulos de grao, ou equivalente, con créditos obtidos nos módulos profesionais superados do correspondente título de técnico superior, ou equivalente, para efectos académicos.

d) As validacións que procedan entre os estudos universitarios de grao, ou equivalente, que teñan cursados e os módulos profesionais que correspondan do ciclo formativo de grao superior que se curse.

Disposición adicional segunda. *Prolongación voluntaria do servizo activo dos funcionarios pertencentes aos corpos docentes universitarios e profesores de investigación do CSIC unha vez alcanzada a idade de xubilación forzosa.*

1. O Goberno, logo de informe das comunidades autónomas e do Consello de Universidades, promoverá a posta en marcha, no curso dos próximos seis meses, de mecanismos que faciliten a prolongación no servizo activo, por un período máximo de cinco anos adicionais, dos funcionarios pertencentes aos corpos docentes universitarios e profesores de investigación do CSIC en que concorran méritos excepcionais.

2. A permanencia no servizo activo dos profesores e investigadores que voluntariamente o soliciten suporá asumir as obrigas que de ordinario conforman as súas obrigas como profesor universitario ou profesor de investigación. Para tales efectos, o alongamento do servizo activo estará sometido a informe anual segundo fixen as normas de aplicación, e tanto o interesado como a universidade, a comunidade autónoma ou o CSIC poderán renunciar á súa renovación.

3. O establecido nos números anteriores enténdese sen prexuízo dos mecanismos xa establecidos para a designación de profesores eméritos que, en consecuencia, e de acordo co establecido na súa normativa reguladora, poderán seguir participando en toda a docencia universitaria.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 1/2010, do 19 de febreiro, de modificación das leis orgánicas do Tribunal Constitucional e do poder xudicial.*

No parágrafo primeiro do artigo segundo da Lei orgánica 1/2010, do 19 de febreiro, de modificación das leis orgánicas do Tribunal Constitucional e do poder xudicial, corríxese o inciso «número 4 do artigo 9 desta lei», que se substitúe polo seguinte: «parágrafo primeiro do número 4 do artigo 9 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial».

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.*

Un. A disposición adicional quinta da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, introducida pola Lei orgánica 4/2010, do 20 de maio, de réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía, pasa a ser disposición adicional sexta.

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional sétima na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Representación dos funcionarios titulares das prazas de facultativos e técnicos no Consello de Policía.*

Nos procesos electorais para designar representantes dos membros do Corpo Nacional de Policía no Consello de Policía, os funcionarios titulares das prazas de facultativos e de técnicos concorrerán, como electores e elixibles, cos das escalas executiva e de subinspección, respectivamente.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei xeral da comunicación audiovisual e carácter de lei ordinaria desta disposición derradeira.*

1. O número 6 do artigo 18 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, pasa a ter a seguinte redacción:

«6. Está prohibida a comunicación comercial televisiva de natureza política, salvo nos supostos previstos pola Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.»

2. Esta disposición derradeira ten natureza de lei ordinaria.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Os artigos primeiro e segundo desta lei orgánica e a disposición adicional primeira teñen carácter básico no que se refire á formación profesional do sistema educativo, e ampáranse no artigo 149.1.30.^a da Constitución, sobre «regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia».

O artigo primeiro, no que se refire á formación profesional para o emprego, incardínase no artigo 149.1.7.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de «lexislación laboral».

O artigo terceiro dítase en exercicio das competencias atribuídas ao Estado nos artigos 149.1.5.^a, 6.^a e 9.^a da Constitución.

A disposición derradeira segunda, pola que se modifica a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, dítase no exercicio das competencias atribuídas ao Estado no artigo 149.1.29.^a da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Non obstante o disposto no número anterior, a modificación que a disposición derradeira terceira introduce na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, producirá efectos desde o día 1 de marzo de 2011.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 11 de marzo de 2011

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO